

3

Sector

O exercicio 2007 é o primeiro do novo período de programación dos Fondos Europeos (2007-2013) do que participan os novos Estados membros, cuxas rexións son consideradas, na súa meirande parte, rexións obxectivo converxencia. Como consecuencia da redución experimentada polas transferencias da UE, Galicia ve recortados os seus ingresos estimados no capítulo VII (transferencia de capital) e os ingresos de capital non financeiro.

O presuposto consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia ascendeu a 10.785,7 millóns de euros, un 8,8% máis que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 20 % do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes). En termos per cápita, estes presupostos ascenden a 3.875,43 euros por habitante. A capacidade de autofinanciamento acadou o 43,8% do total dos ingresos non financeiros. Os recursos propios medraron un 9% respecto ao ano 2006, mentres que os ingresos transferidos o fixeron nun 8,6%.

público e benestar social

Do importe total do orzamento consolidado, o 56,1% dedícase á función de "Producción de bens públicos de carácter social", e un 7,1% á de "Protección e promoción social".

As obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon a 6.197,0 millóns de euros, en tanto que os seus dereitos recoñecidos netos acadaron os 4.313,8 millóns de euros. O diferencial teórico entre obrigas e dereitos recoñecidos netos volve a ser positivo no caso do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos (36,0 e 27,4 millóns de euros, respectivamente). Non obstante, este diferencial positivo non logra compensar o saldo negativo no resto dos réximes, salientando o réxime especial agrario, cun saldo negativo de 1.276,5 millóns de euros, e o dos traballadores do mar, con 323,9 millóns de euros.

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación -ben sexa contributiva ou asistencial-, acadou as 842.200 persoas, o

que significa que un 34,1% da poboación maior de 16 anos é beneficiaria do sistema de protección social pública. Ao igual que en anos anteriores, a medra do número de pensionistas da Seguridade Social foi inferior á rexistrada polos novos afiliados ao sistema, o que supón un avance na solvencia do sistema (0,7% e 3,6%, respectivamente). Con todo, Galicia acolle o 8,5% das persoas beneficiarias de pensións contributivas do Estado e só o 5,6% dos cotizantes do sistema.

O aspecto máis salientable de 2007, no que aos servizos sociais se refire, foi a posta en marcha do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, xa que a súa creación constitúe o avance máis importante das últimas décadas no sistema español de protección social. A comezos do ano 2008, Galicia sitúase coma a terceira comunidade con maior número de solicitudes de valoración da situación de dependencia presentadas, ao acoller o 10,4% das solicitudes presentadas no conxunto do Estado. Por contra, presenta unha das porcentaxes máis reducidas de valo-

ración e emisión de ditames de situación de dependencia realizados, cun 21,6%, cando o total estatal é de 64% e 55,2%, respectivamente.

Asemade, destaca a importante medra do número centros e prazas nas garderías de titularidade pública en 2007. Neste ano puxéronse en marcha as denominadas galescolas, xestionadas polo Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar.

No que atinxe á vivenda, o seu encarecemento e o endurecemento das condicións financeiras fixeron que en 2007 volvesen a empeorar as posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade. No último ano Galicia seguiu amosando un carácter máis inflacionista que o conxunto do Estado.

Este encarecemento provocou que unha familia media perceptora dun só salario dedique ao pago das cotas da hipoteca o 51% dos seus salarios brutos, máis de oito puntos

por baixo da media. Se se corríxen os ingresos pola media de salarios percibidos pola unidade familiar, esta porcentaxe sitúase no o 31,9% do salario (39,6% en España). □

3.1. Comunidade Autónoma

O PRESUPOSTO CONSOLIDADO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA 2007 ASCENDEU A 10.785,7 millóns de euros, un 8,8% (874,0 millóns de euros) máis que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 20% do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) e supón 3.875,43 euros/habitante.

No ano 2007 comezou o novo periodo de programación comunitario para os anos 2007-2013. Tendo en conta a ampliación da Unión Europea a novos países incluídos nos obxectivos de converxencia e cohesión, Galicia, como consecuencia da redución experimentada polas transferencias da UE, ve recortados os seus ingresos estimados no capítulo VII (transferencias de capital) e os ingresos de capital non financeiros.

A conta financeira

A forma en que se interrelacionan as grandes magnitudes que interveñen na composición dos presupostos queda reflectida na conta financeira. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2007 sitúase en 9.349,3 millóns de euros, cunha variación respecto ao exercicio precedente do 10%, mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 7.523,0 millóns de euros, o que supón un incremento do 7,8% respecto ao ano anterior. O aforro estimado por operacións correntes, tras unha medra superior ao 20%, situouse nos 1.826,3 millóns de euros.

No concernente ás operacións de capital, os gastos por operacións non financeiras acadaron os 2.687,5 millóns de euros, un 9,8% superior ao ano anterior, equivalente ao 5% do PIB galego a prezos de mercado, prezos correntes (fonte: IGE). Tendo en conta que, a diferenza do acontecido en 2006, os ingresos por operacións de capital descendieron un 1,4% respecto aos presupostos do ano anterior ata acadar os 884,7 millóns de euros, o déficit por operacións de capital ascendeu a 1.802,8 millóns de euros, o que representa un 16,3% de incremento sobre o exercicio anterior.

Ámbito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2007

| Administración Xeral | Administración Institucional | | | |
|--|------------------------------|---------------------------------------|--|---|
| | Organismos Autónomos | | Sociedades Públicas | |
| Seccións | Administrativos | Comerciais, industriais e financeiros | Entes públicos | Sociedades mercantís |
| Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega | | | | |
| Presidencia da Xunta | | | CRTVG | TVG,S.A. RTVG, S.A. RETEGAL S.A. |
| Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar | SGPIHM | | | |
| Presidencia Admóns. Públicas e Xustiza | EGAP CEXSPG | | | |
| Economía e Facenda | IGE | | CES IGAPE CIXTEC | CEEI Galicia, S.A SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A S.P. Autoestrada A de S. Dom- Ourense S.A. |
| Política Territorial, O.P. e Transporte | | | Portos de Galicia | |
| Innovación e Industria | IGC | | Instituto Enerxético de Galicia | S.A. Centro Supercomputación de S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A |
| Medio Rural | | FOGGA | Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | S.A. Desenvolvemento Comarcal Xenética Fontao, S.A. |
| Cultura e Deporte | | IGAEM | F. Cidade da Cultura de Galicia | |
| Sanidade | SERGAS | | Hospital de Verín I.G. Oftalmoloxía Hospital Virxe da Xunqueira Hospital A Barbanza Escola Galega de Admón. Sanitaria F.P. Urxencias Sanit. Galicia F.P. H.C. Do Salnés F.P.C. Transfusión F.P. De Medicina Xenómica | Medtec, S.A. |
| 1.1. | | | | |
| 1.2. | | | | |
| 1.3. | | | | |
| 1.4. | | | | |
| 1.5. | | | | |
| 1.6. | | | | |
| 2.1. | | | | |
| 2.2. | | | | |
| 2.3. | | | | |
| 3.1. | | | | |
| 3.2. | | | | |
| 3.3. | | | | |
| 3.4. | | | | |
| 3.5. | | | | |
| 3.6. | | | | |
| 4.1. | | | | |
| 4.2. | | | | |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.1.

No que atinxe ás operacións financeiras, o gasto en atencións financeiras acadou os 575,3 millóns de euros e os recursos financeiros os 551,7 millóns de euros. Se os presupostos do ano 2006 estimaban que a situación inicial de necesidade de financiamento se situaría en 28,9 millóns de euros, os de 2007 presentan unha capacidade de financiamento de 23,6 millóns de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 551,0 millóns de euros (514,1 millóns de euros no ano anterior) aplicándose o 83% á amortización da débeda (o 72,8% en 2006).

O endebedamento neto autorizado ascende a 93,9 millóns de euros, un 32,9% inferior ao rexistrado no exercicio anterior. A súa finalidade repártese entre os investimentos dos capítulos VI e VII e a adquisición de activos financeiros (8,7 millóns de euros), que completan o seu financiamento coa parte de aforro non destinada á cobertura de investimentos.

Conta financeira da Comunidade Autónoma 2006-07

| | 2006 | 2007 | 07/06 | |
|--|-----------------|-----------|---------|--------|
| | (en miles de €) | | (%) | |
| 1 Operacións correntes | | | | |
| Ingresos | 8.499.528 | 9.349.300 | 849.772 | 10,0 |
| Impostos directos | 1.074.777 | 1.167.819 | 93.042 | 8,7 |
| Impostos indirectos | 2.412.680 | 2.636.049 | 223.369 | 9,3 |
| Taxas, Prezos públicos e outros ingresos | 246.430 | 264.961 | 18.531 | 7,5 |
| Transferencias correntes | 4.752.160 | 5.265.545 | 513.385 | 10,8 |
| Ingresos patrimoniais | 13.481 | 14.926 | 1.445 | 10,7 |
| Gastos | 6.978.667 | 7.522.965 | 544.298 | 7,8 |
| Gastos de persoal | 2.931.806 | 3.174.746 | 242.940 | 8,3 |
| Gastos en bens correntes e servizos | 1.167.471 | 1.242.132 | 74.661 | 6,4 |
| Gastos financeiros | 142.429 | 146.961 | 4.532 | 3,2 |
| Transferencias correntes | 2.679.280 | 2.897.420 | 218.140 | 8,1 |
| Fondo de continxencia | 57.681 | 61.706 | | |
| Aforro por operacións correntes | 1.520.861 | 1.826.335 | 305.474 | 20,1 |
| 2 Operacións de capital | | | | |
| Ingresos | 897.465 | 884.724 | -12.741 | -1,4 |
| Alleamento de investimentos reais | 72.404 | 90.730 | 18.326 | 25,3 |
| Transferencias de capital | 825.061 | 793.994 | -31.067 | -3,8 |
| Gastos | 2.447.228 | 2.687.497 | 240.269 | 9,8 |
| Investimentos reais | 1.206.226 | 1.332.889 | 126.663 | 10,5 |
| Transferencias de capital | 1.241.002 | 1.354.608 | 113.606 | 9,2 |
| Deficit por operacións de capital | 1.549.763 | 1.802.773 | 253.010 | 16,3 |
| Necesidades de financiamento | -28.902 | 23.562 | 52.464 | -181,5 |
| 3 Operacións financeiras | | | | |
| Recursos financeiros | 514.733 | 551.719 | 36.986 | 7,2 |
| Activos financeiros | 665 | 675 | 10 | 1,5 |
| Pasivos financeiros | 514.068 | 551.044 | 36.976 | 7,2 |
| Atencións financeiras | 485.831 | 575.280 | 89.449 | 18,4 |
| Activos financeiros | 111.763 | 118.177 | 6.414 | 5,7 |
| Pasivos financeiros | 374.068 | 457.103 | 83.035 | 22,2 |
| Financiamento | -28.902 | 23.561 | 52.463 | -181,5 |
| 4 Endebedamento neto | | | | |
| Endebedamento bruto | 514.068 | 551.044 | 36.976 | 7,2 |
| Amortizacións | 374.068 | 457.103 | 83.035 | 22,2 |
| Endebedamento neto | -140.000 | -93.941 | 46.059 | -32,9 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.2.

Orzamento consolidado 2006-07

| | 2006 | | 2007 | | 07/06 |
|------------------------------|-----------------|-------------|-----------------|-------------|-------|
| | (en miles de €) | | (en miles de €) | | (%) |
| | | (% / total) | | (% / total) | |
| Ingresos | | | | | |
| Recursos propios | 4.334.504 | 43,7 | 4.726.204 | 43,8 | 9,0 |
| Ingresos tributarios | 3.733.886 | 37,7 | 4.068.829 | 37,7 | 9,0 |
| Ingresos patrimoniais | 85.885 | 0,9 | 105.656 | 1,0 | 23,0 |
| Ingresos financeiros | 514.733 | 5,2 | 551.719 | 5,1 | 7,2 |
| Recursos transferidos | 5.577.222 | 56,3 | 6.059.540 | 56,2 | 8,6 |
| Do Estado | 4.984.463 | 50,3 | 5.517.640 | 51,2 | 10,7 |
| Da Unión Europea | 581.003 | 5,9 | 538.275 | 5,0 | -7,4 |
| Outros | 11.755 | 0,1 | 3.625 | 0,0 | -69,2 |
| Total | 9.911.727 | 100 | 10.785.744 | 100 | 8,8 |

| | 2006 | | 2007 | | 07/06 |
|---|-----------------|-------------|-----------------|-------------|-------|
| | (en miles de €) | | (en miles de €) | | (%) |
| | | (% / total) | | (% / total) | |
| Gastos | | | | | |
| Xestión directa | 5.991.845 | 60,5 | 6.533.714 | 60,6 | 9,0 |
| Gastos de persoal | 2.931.807 | 29,6 | 3.174.746 | 29,4 | 8,3 |
| Gastos de funcionamento | 1.225.202 | 12,4 | 1.303.838 | 12,1 | 6,4 |
| Gastos financeiros | 628.260 | 6,3 | 722.241 | 6,7 | 15,0 |
| Investimentos | 1.206.576 | 12,2 | 1.332.889 | 12,4 | 10,5 |
| Transferencias ao sector público | 1.972.302 | 19,9 | 2.192.022 | 20,3 | 11,1 |
| A Corporacións Locais | 1.071.465 | 10,8 | 1.168.297 | 10,8 | 9,0 |
| Outros | 17.732 | 0,2 | 43.993 | 0,4 | 148,1 |
| A Sociedades Públicas da C.A. | 883.105 | 8,9 | 979.732 | 9,1 | 10,9 |
| Transferencias ao sector privado | 1.947.580 | 19,6 | 2.060.008 | 19,1 | 5,8 |
| Familias e ent. sen ánimo de lucro | 1.347.642 | 13,6 | 1.434.537 | 13,3 | 6,4 |
| Empresas | 599.938 | 6,1 | 625.470 | 5,8 | 4,3 |
| Total | 9.911.727 | 100 | 10.785.744 | 100 | 8,8 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.3.

Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2006-07: distribución económica

Ingresos

| | 2006 | 2007 | 2006 | 2007 | 07/06 | |
|--|------------------|-------------------|----------------|-------------|----------------|-------------|
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | (en miles de €) | | (%) | | (%) | |
| I Impostos directos | 1.074.777 | 1.167.819 | 10,8 | 10,8 | 93.042 | 8,7 |
| II Imposto indirectos | 2.412.680 | 2.636.049 | 24,3 | 24,4 | 223.369 | 9,3 |
| III Taxas, prezos e outros ingresos | 246.430 | 264.961 | 2,5 | 2,5 | 18.531 | 7,5 |
| IV Transferencias correntes | 4.752.160 | 5.265.545 | 47,9 | 48,8 | 513.385 | 10,8 |
| V Ingresos patrimoniais | 13.481 | 14.926 | 0,1 | 0,1 | 1.445 | 10,7 |
| Total operación correntes | 8.499.528 | 9.349.300 | 85,8 | 86,7 | 849.772 | 10,0 |
| VI Alleamento de investimentos reais | 72.404 | 90.730 | 0,7 | 0,8 | 18.326 | 25,3 |
| VII Transferencias de capital | 825.061 | 793.994 | 8,3 | 7,4 | -31.067 | -3,8 |
| Total operacións non financeiras de capital | 897.465 | 884.724 | 9,1 | 8,2 | -12.741 | -1,4 |
| Total Ingresos non financeiros | 9.396.993 | 10.234.024 | 94,8 | 94,9 | 837.031 | 8,9 |
| VIII Activos financeiros | 665 | 675 | 0,0 | 0,0 | 10 | 1,5 |
| IX Pasivos financeiros | 514.068 | 551.044 | 5,2 | 5,1 | 36.976 | 7,2 |
| Total Ingresos Financeiros | 514.733 | 551.719 | 5,2 | 5,1 | 36.986 | 7,2 |
| Total Operacións de Capital | 1.412.198 | 1.436.443 | 14,2 | 13,3 | 24.245 | 1,7 |
| Total | 9.911.726 | 10.785.743 | 100 | 100 | 874.017 | 8,8 |

Gastos

| | 2006 | 2007 | 2006 | 2007 | 07/06 | |
|--|------------------|-------------------|----------------|-------------|----------------|-------------|
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | (en miles de €) | | (%) | | (%) | |
| I Gastos de persoal | 2.931.807 | 3.174.746 | 29,6 | 29,4 | 242.939 | 8,3 |
| II Gastos en bens correntes e servizos | 1.167.471 | 1.242.132 | 11,8 | 11,5 | 74.661 | 6,4 |
| III Gastos financeiros | 142.429 | 146.961 | 1,4 | 1,4 | 4.532 | 3,2 |
| IV Transferencias correntes | 2.679.280 | 2.897.420 | 27,0 | 26,9 | 218.140 | 8,1 |
| V Fondo de contingencia | 57.681 | 61.706 | 0,6 | 0,6 | 4.025 | 7,0 |
| Total operación correntes | 6.978.668 | 7.522.965 | 70,4 | 69,7 | 544.297 | 7,8 |
| VI Investimentos reais | 1.206.226 | 1.332.889 | 12,2 | 12,4 | 126.663 | 10,5 |
| VII Transferencias de capital | 1.241.002 | 1.354.608 | 12,5 | 12,6 | 113.606 | 9,2 |
| Total operacións non financeiras de capital | 2.447.228 | 2.687.497 | 24,7 | 24,9 | 240.269 | 9,8 |
| Total Gastos non Financeiros | 9.425.896 | 10.210.462 | 95,1 | 94,7 | 784.566 | 8,3 |
| VIII Activos financeiros | 111.763 | 118.177 | 1,1 | 1,1 | 6.414 | 5,7 |
| IX Pasivos financeiros | 374.068 | 457.103 | 3,8 | 4,2 | 83.035 | 22,2 |
| Total operacións financeiras de capital | 485.831 | 575.280 | 4,9 | 5,3 | 89.449 | 18,4 |
| Total Gastos Financeiros | 485.831 | 575.280 | 4,9 | 5,3 | 89.449 | 18,4 |
| Total Operacións de Capital | 2.933.059 | 3.262.777 | 29,6 | 30,3 | 329.718 | 11,2 |
| Total | 9.911.727 | 10.785.742 | 100 | 100 | 874.015 | 8,8 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.4.

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio "(aforro por operacións correntes-endebedamento neto)/gastos por operacións de capital", foi en 2007 do 64,5%, máis de oito puntos por riba do estimado no exercicio anterior.

O orzamento consolidado

O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2007, unha vez deducidas as transferencias internas (3.330,6 millóns de euros), ascendeu a 10.785,7 millóns de euros, cun incremento dun 8,8% (874 millóns de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior.

Os recursos propios, que acadan os 4.726,2 millóns de euros, un 9% máis que no ano anterior, representan o 43,8% dos ingresos. Entre estes, os ingresos tributarios ascenderon a 4.068,8 millóns de euros, o que representa o 37,7% dos ingresos totais. No que aos

Presuposto consolidado de gastos da C.A. 2007: distribución funcional

| Funcións | 2007 | |
|---|------------------------|------------|
| | Valor relativo | |
| | <i>(en miles de €)</i> | |
| 1 Actuacións de carácter xeral | 246.565 | 2,3 |
| 11 Alta dirección da Com. Autónoma | 41.629 | 0,4 |
| 12 Administración Xeral | 74.393 | 0,7 |
| 13 Xustiza | 94.622 | 0,9 |
| 14 Administración local | 11.736 | 0,1 |
| 15 Normalización lingüística | 23.185 | 0,2 |
| 16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas | 1.000 | 0,0 |
| 2 Protección civil e seguridade cidadá | 25.429 | 0,2 |
| 23 Protección civil e seguridade | 25.429 | 0,2 |
| 3 Protección e promoción social | 766.375 | 7,1 |
| 31 Acción social e promoción social | 425.175 | 3,9 |
| 32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo | 331.345 | 3,1 |
| 33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento | 9.855 | 0,1 |
| 4 Produción de bens públicos de carácter social | 6.047.383 | 56,1 |
| 41 Sanidade | 3.388.010 | 31,4 |
| 42 Educación | 2.161.491 | 20,0 |
| 43 Cultura | 141.201 | 1,3 |
| 44 Deportes | 38.355 | 0,4 |
| 45 Vivenda | 189.097 | 1,8 |
| 46 Outros servizos comunit. e sociais | 129.229 | 1,2 |
| 5 Produción de bens públ. de carácter económico | 1.145.410 | 10,6 |
| 51 Infraestruturas | 458.985 | 4,3 |
| 52 Ordenación do territorio | 50.978 | 0,5 |
| 53 Promoción do solo para actividades económicas | 16.690 | 0,2 |
| 54 Actuacións ambientais | 260.777 | 2,4 |
| 55 Actuacións e valorización do medio rural | 203.036 | 1,9 |
| 56 Investigación, desenvolvemento e innovación | 119.297 | 1,1 |
| 57 Sociedade da información e do coñecemento | 29.798 | 0,3 |
| 58 Información estatística básica | 5.849 | 0,1 |
| 6 Regulación económica de carácter xeral | 146.525 | 1,4 |
| 61 Actuacións económicas xerais | 37.381 | 0,3 |
| 62 Actividades financeiras | 109.144 | 1,0 |
| 7 Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial | 914.232 | 8,5 |
| 71 Dinamización económica do medio rural | 385.435 | 3,6 |
| 72 Pesca | 185.437 | 1,7 |
| 73 Industria, enerxía e minaría | 52.151 | 0,5 |
| 74 Desenvolvemento empresarial | 182.440 | 1,7 |
| 75 Comercio | 33.211 | 0,3 |
| 76 Turismo | 75.558 | 0,7 |
| 8 Transferencias a entidades locais | 891.355 | 8,3 |
| 81 Transferencias a entidades locais | 891.355 | 8,3 |
| 9 Débeda pública | 602.466 | 5,6 |
| 91 Débeda pública | 602.466 | 5,6 |
| Total | 10.785.740 | 100 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.5.

recursos transferidos se refire (o 56,2% dos ingresos), os recursos procedentes do Estado, tras unha medra do 10,7%, acadaron os 5.517,6 millóns de euros (o 51,2% dos ingresos), mentres que os recursos procedentes da UE, tras unha caída do 7,4%, acadaron unha contía de 538,3 millóns de euros (o 5% dos ingresos).

A distribución económica dos presupostos amosan que os ingresos por operacións correntes experimentaron un incremento de 849,8 millóns de euros, un 10% superior ao exercicio anterior, para situarse nos 9.349,3 millóns de euros. Este crecemento viu impulsado, en gran parte, polo comportamento das transferencias correntes, que apoiados no financiamento adicional aportado pola presupostación do anticipo sobre a liquidación definitiva dos tributos cedidos e do Fondo de suficiencia do 2007, medraron un 10,8%. Os ingresos de carácter tributario (impostos directos e indirectos) o fixeron nun 9,1%.

Os ingresos totais das operacións de capital (1.436,4 millóns de euros) incrementáronse respecto ao presupostado no ano precedente un total de 24,2 millóns de euros, un 1,7% máis que no ano anterior. Pola contra, os ingresos de capital non financeiro experimentaron un descenso do 1,4%, por mor da caída da contía dos Fondos estruturais como consecuencia do novo marco financeiro 2007-13.

Polo lado dos gastos, un 60,5% do presuposto corresponde á xestión directa do mesmo, onde os gastos de persoal, que ascenderon a 3.174,7 millóns de euros, represen-

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2007: distribución orgánica

| | Cap. IV | Cap. VI | Cap. VII |
|--|--------------------|--------------------|--------------------|
| | (en miles de €) | | |
| Administración Xeral | 5.065.419,5 | 1.078.339,2 | 1.356.224,7 |
| Parlamento | 2.406,3 | 1.538,6 | 34,1 |
| Consello de Contas | 3,3 | 795,6 | |
| Consello da Cultura Galega | 160,0 | 399,6 | |
| Presidencia da Xunta | 19.907,3 | 33.065,6 | 21.013,2 |
| Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar | 146.590,3 | 31.895,2 | 20.135,5 |
| Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 24.773,3 | 37.428,4 | 14.886,3 |
| Economía e Facenda | 22.142,0 | 7.529,7 | 106.950,6 |
| Política Territorial, Obras Públicas e Transportes | 10.641,0 | 386.244,2 | 77.016,0 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 553.391,0 | 123.726,7 | 54.649,2 |
| Innovación e Industria | 55.285,0 | 28.224,9 | 233.827,8 |
| Medio Rural | 19.776,0 | 192.787,1 | 292.365,8 |
| Cultura e Deporte | 22.245,0 | 45.800,6 | 76.047,4 |
| Sanidade | 3.119.229,0 | 35.807,2 | 1.747,4 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 4.160,0 | 54.680,1 | 137.536,5 |
| Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible | 4.603,0 | 50.264,7 | 119.528,2 |
| Traballo | 258.227,0 | 15.228,0 | 1.190,1 |
| Vivenda e Solo | 16.292,0 | 4.802,9 | 82.980,9 |
| Consello Consultivo de Galicia | | 105,5 | |
| Transferencias a CC.LL. | 778.968,0 | | 106.267,1 |
| Gastos Diversas Consellerías | 6.620,0 | 28.014,6 | 10.048,7 |
| Organismos Autónomos | 973.644,8 | 254.549,5 | 187.317,9 |
| Serv. Galego Prom. da Igualdade do Home e da Muller | 8.399,8 | - | 320,0 |
| Escola Galega de Admón Pública | 338,6 | 1.015,0 | - |
| Centro Estudos Xudiciais e Seguridade Públ. de Galicia | | 1.474,8 | - |
| Instituto Galego de Estatística | 82,9 | 1.803,9 | - |
| Tribunal Galego de Def. da Competencia | 30,0 | 90,0 | - |
| Instituto Galego de Consumo | 478,0 | 1.704,9 | 530,0 |
| Servicio Galego de Saúde | 960.964,2 | 140.675,7 | 1.407,0 |
| Augas de Galicia | - | 17.732,0 | 121.124,4 |
| Fondo Galego de Garantía Agraria | 196,0 | 3.033,5 | 55.774,2 |
| Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais | 531,7 | 2.826,3 | 1.080,0 |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 2.623,6 | 84.193,4 | 7.082,4 |
| Total orzamento bruto | 6.039.064,3 | 1.332.888,6 | 1.543.542,6 |
| Total transferencias internas | 3.141.644,3 | - | 188.934,6 |
| Total | 2.897.420,0 | 1.332.888,6 | 1.354.608,0 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.6.

tan o 29,4% dos gastos totais, e os investimentos, cun importe de 1.332,9 millóns de euros, o 12,2% dos gastos. As transferencias ao sector privado, tras unha medra do 5,8%, acadan un total de 2.060,0 millóns de euros (o 19,1% do gasto) e as transferencias ao sector público, tras medrar un 11,1%, situáronse nos 2.192,0 millóns de euros (20,3% do presuposto consolidado).

Os gastos por operacións correntes acadaron os 7.523,0 millóns de euros, un 7,8% (544,3 millóns de euros) máis que no estimado nos presupostos de 2006. As transferencias correntes experimentan un crecemento do 8,1% (218,1 millóns de euros) e acadan os 2.897,4 millóns de euros.

No que atinxe aos gastos non financeiros de capital, 2.687,5 millóns de euros, estes aumentan respecto aos presupostos anteriores un 9,8% (240,3 millóns de euros). Os investimentos reais o fixeron un 10,5% (126,7 millóns de euros), acadando os 1.332,9 millóns de euros, e as transferencias de capital nun 9,2% (113,6 millóns de euros), ascendendo aos 1.354,6 millóns de euros.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, **cadro 3.1.5.**, a parte máis importante do orzamento consolidado correspondeu á produción de bens públicos de carácter social, ao acoller o 56,1% do presuposto consolidado. Dentro desta función salientan a sanidade e a educación, que supoñen o 31,4% (3.388 millóns de euros) e 20% (2.161,5 millóns de euros) do presuposto, respectivamente

Transferencias de capital e correntes da C.A. 2007: distribución segundo clave de financiamento

| | Transferencias de Capital | | Transferencias Correntes | |
|----------------------------------|---------------------------|------|--------------------------|------|
| | (en miles de €) | (%) | (en miles de €) | (%) |
| Administración Xeral | 1.356.224,1 | 100 | 5.065.419,5 | 100 |
| Fondos Propios | 858.640,4 | 63,3 | 4.061.685,5 | 80,2 |
| libres | 806.382,9 | 59,5 | 4.044.381,9 | 79,8 |
| que cofinancian | 50.130,9 | 3,7 | 9.405,5 | 0,2 |
| que cofinancian non elexible | 2.126,6 | 0,2 | 7.898,1 | 0,2 |
| F.C.I. | 76.344,0 | 5,6 | - | - |
| FCI libre | 43.441,6 | 3,2 | - | - |
| FCI que cofinancia | 32.902,4 | 2,4 | - | - |
| FEDER | 98.911,8 | 7,3 | - | - |
| 2000-06 | 15.849,8 | 1,2 | - | - |
| 2007-13 | 83.062,0 | 6,1 | - | - |
| FEADER | 90.896,4 | 6,7 | - | - |
| FEADER | 90.896,4 | 6,7 | - | - |
| FEAGA | 61.098,8 | 4,5 | - | - |
| FEAGA | 61.098,8 | 4,5 | - | - |
| FEOGA | 14.045,0 | 1,0 | - | - |
| FEOGA | 14.045,0 | 1,0 | - | - |
| Transferencias finalistas | 66.563,4 | 4,9 | 966.261,2 | 19,1 |
| do Estado | 26.341,2 | 1,9 | 954.971,9 | 18,9 |
| PXE que cofinancia | 38.095,6 | 2,8 | - | - |
| PXE que cofinancia non elexible | 2.126,6 | 0,2 | 11.289,3 | 0,2 |
| FEP | 59.303,0 | 4,4 | - | - |
| FEP | 59.303,0 | 4,4 | - | - |
| IFOP | 30.421,3 | 2,2 | - | - |
| Programa operativo | 30.421,3 | 2,2 | - | - |
| Fondo Social Europeo | - | - | 36.737,0 | 0,7 |
| 2007-13 | - | - | 36.737,0 | 0,7 |
| Iniciativa Equal | - | - | 735,8 | 0,0 |
| Organismos Autónomos | 187.317,9 | 100 | 973.644,8 | 100 |
| Fondos Propios | 78.973,0 | 42,2 | 969.186,5 | 99,5 |
| libres | 45.497,0 | 24,3 | 968.065,0 | 99,4 |
| FCA cofinancia elexible | 80,0 | 0,0 | 1.121,5 | 0,1 |
| FCA condicionado | 33.396,0 | 17,8 | - | - |
| FEAGA | 55.413,8 | 29,6 | - | - |
| FEAGA | 55.413,8 | 29,6 | - | - |
| FEDER | 26.683,8 | 14,2 | - | - |
| 2007-13 | 26.683,8 | 14,2 | - | - |
| Iniciativa Equal | - | - | 80,4 | 0,0 |
| Transferencias finalistas | 3.912,6 | 2,1 | - | - |
| douttras Administracións | 1.202,0 | 0,6 | - | - |
| outras transferencias finalistas | 2.110,6 | 1,1 | - | - |
| da Administración do Estado | 600,0 | 0,3 | - | - |
| Fondo Social Europeo | - | - | 4.378,0 | 0,4 |
| 2007-13 | - | - | 4.378,0 | 0,4 |
| F.C.I. | 22.334,8 | 11,9 | - | - |
| libres | 13.520,2 | 7,2 | - | - |
| que cofinancian | 8.814,6 | 4,7 | - | - |

Fonte: Xunta, Presupostos Xerais da C.A.

3.1.7.

Análise das actuacións previstas

O 51,8% do orzamento consolidado (5.584,9 millóns de euros) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (1.332,9 millóns de euros), as transferencias de capital (1.354,6 millóns de euros) e as transferencias correntes (2.897,4 millóns de euros).

Entre os **investimentos reais** cómpre salientar, pola súa importancia cuantitativa, o conxunto de medidas previstas para construción, conservación e explotación de estradas (347,5 millóns de euros); o investimento en atención especializada (84,8 millóns de euros); os investimentos en ensinanza secundaria e Formación profesional (59,5 millóns de euros); as actuacións en infraestruturas e equipamentos no medio rural (59,5 millóns de euros); ou os investimentos en educación infantil, primaria e ESO (41,9 millóns de euros). Estas cinco funcións significan o 44,5% do capítulo VI (investimentos reais) do pre-suposto consolidado.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Presupostos das sociedades públicas 2006-07: sociedades mercantís e entes públicos

Sociedades mercantís

| | 2006 | | 2007 | | 07/06 | |
|---|-----------------|----------------|----------------|----------------|-------------|-------------|
| | Explotación | Capital | Explotación | Capital | Explotación | Capital |
| | (en miles de €) | | | | (%) | |
| Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. | 5.197 | 556 | 5.384 | 569 | 3,6 | 2,3 |
| Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. | 2.560 | 40 | 2.501 | 45 | -2,3 | 12,5 |
| SODIGA, S.C.R. | 2.119 | 1.321 | 6.266 | 4.367 | 195,7 | 230,6 |
| Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. | 3.710 | 74.636 | 5.533 | 86.749 | 49,1 | 16,2 |
| Xes Galicia, S.A. | 1.398 | 88 | 2.937 | 968 | 110,1 | 1000,0 |
| Autoestrada Alto de Santo Domingo - Ourense | 70.094 | 97.040 | 8.340 | 90.998 | -88,1 | -6,2 |
| S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia | 1.750 | 476 | 2.105 | 236 | 20,3 | -50,4 |
| Galicia Calidade, S.A. | 765 | 825 | 327 | 1.351 | -57,3 | 63,8 |
| Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. | 6.902 | 15.689 | 38.843 | 16.472 | 462,8 | 5,0 |
| S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia | 6.390 | 1.600 | 6.676 | 500 | 4,5 | -68,8 |
| Xenética Fontao, S.A. | 2.295 | 385 | 2.878 | 365 | 25,4 | -5,2 |
| S.A. de Xestión do Plan Xacobeo | 25.252 | 3.120 | 23.375 | 4.475 | -7,4 | 43,4 |
| Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. | 27.888 | 4.326 | 30.093 | 6.188 | 7,9 | 43,0 |
| Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. | 84.412 | 21.669 | 93.730 | 15.938 | 11,0 | -26,4 |
| Xestión Urbanística de A Coruña, S.A. | 24.783 | 16.193 | 64.770 | 35.034 | 161,3 | 116,4 |
| Xestión Urbanística de Lugo, S.A. | 49.827 | 35.861 | 34.341 | 19.676 | -31,1 | -45,1 |
| Xestión Urbanística de Ourense, S.A. | 44.993 | 21.915 | 33.313 | 868 | -26,0 | -96,0 |
| Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A. | 53.038 | 50.193 | 76.718 | 50.432 | 44,6 | 0,5 |
| Total | 413.373 | 345.933 | 438.130 | 335.231 | 6,0 | -3,1 |

Entes públicos

| | 2006 | | 2007 | | 07/06 | |
|---|-----------------|----------------|----------------|----------------|-------------|-------------|
| | Explotación | Capital | Explotación | Capital | Explotación | Capital |
| | (en miles de €) | | | | (%) | |
| Compañía de Radiotelevisión de Galicia e Sociedades | 123.281 | 15.982 | 122.953 | 17.377 | -0,3 | 8,7 |
| Consello Económico e Social | 1.094 | 42 | 1.192 | 42 | 9,0 | 0,0 |
| Instituto Galego de Promoción Económica | 114.797 | 5.436 | 116.984 | 10.445 | 1,9 | 92,1 |
| CIXTEC | 14.344 | 5.546 | 15.574 | 5.849 | 8,6 | 5,5 |
| Portos de Galicia | 20.527 | 30.974 | 22.197 | 38.267 | 8,1 | 23,5 |
| Instituto Enerxético de Galicia | 2.430 | 1.600 | 8.486 | 1.620 | 249,2 | 1,3 |
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 20.023 | 41 | 25.979 | 48 | 29,7 | 17,1 |
| Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia | 1.240 | 48.000 | 3.424 | 47.073 | 176,1 | -1,9 |
| Fundación Pública Hospital de Verín | 11.385 | 130 | 13.242 | 299 | 16,3 | 130,0 |
| Instituto Galego de Oftalmoloxía | 2.039 | 210 | 2.209 | 199 | 8,3 | -5,2 |
| Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira | 13.315 | 112 | 15.511 | 207 | 16,5 | 84,8 |
| Fundación Pública Hospital da Barbanza | 15.911 | 149 | 18.129 | 220 | 13,9 | 47,7 |
| F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria | 3.300 | 430 | 2.929 | 830 | -11,2 | 93,0 |
| Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia - 061 | 34.110 | 251 | 38.768 | 238 | 13,7 | -5,2 |
| Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés | 16.429 | 134 | 18.516 | 173 | 12,7 | 29,1 |
| Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia | 23.261 | 550 | 21.455 | 1.133 | -7,8 | 106,0 |
| Fundación Pública de Medicina Xenómica | 870 | 19 | 1.475 | 98 | 69,5 | 415,8 |
| Instituto Técnico de Control do Medio Mariño | 1.938 | 4.530 | 2.347 | 3.000 | - | - |
| Obras e Servizos Hidráulicos | 3.574 | 96.146 | 3.883 | 108.846 | 8,6 | 13,2 |
| Total | 423.868 | 210.282 | 455.253 | 235.964 | 7,4 | 12,2 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.8.

Débeda das CC.AA. 2006-07 (1): valores absolutos e ratios débeda / habitante e débeda / PIB

| | 2006 | | | 2007 | | |
|--------------------|-------------------|-----------------|------------|-------------------|-----------------|------------|
| | Débeda acumulada | End/hab (2) | End/PIB | Débeda acumulada | End/hab (2) | End/PIB |
| | (en millóns de €) | | | (en millóns de €) | | |
| | | (en €) | (%) | | (en €) | (%) |
| Andalucía | 7.311 | 907,13 | 5,9 | 7.172 | 877,01 | 5,4 |
| Aragón | 1.163 | 896,92 | 4,1 | 1.165 | 879,06 | 3,9 |
| Asturias | 729 | 678,23 | 4,1 | 744 | 689,39 | 3,5 |
| Baleares | 1.635 | 1.586,38 | 7,0 | 1.784 | 1.665,39 | 6,7 |
| Canarias | 1.563 | 771,49 | 3,9 | 1.562 | 754,42 | 4,0 |
| Cantabria | 398 | 694,80 | 3,6 | 434 | 746,71 | 3,3 |
| Castela - A Mancha | 1.543 | 780,36 | 4,4 | 1.829 | 897,03 | 4,7 |
| Castela e León | 1.798 | 711,12 | 3,7 | 1.794 | 702,62 | 3,4 |
| Cataluña | 14.043 | 1.947,57 | 8,1 | 14.863 | 2.020,96 | 7,7 |
| Estremadura | 784 | 719,27 | 5,2 | 785 | 716,31 | 4,8 |
| Galicia | 3.404 | 1.227,76 | 7,3 | 3.712 | 1.333,76 | 6,9 |
| A Rioxa | 184 | 595,53 | 2,8 | 276 | 870,61 | 2,6 |
| Madrid | 10.073 | 1.656,28 | 6,3 | 10.055 | 1.608,32 | 5,8 |
| Murcia | 686 | 492,77 | 3,0 | 648 | 455,04 | 2,8 |
| Navarra | 647 | 1.067,88 | 4,2 | 628 | 1.014,35 | 3,9 |
| País Vasco | 931 | 434,67 | 2,0 | 642 | 297,84 | 1,6 |
| C. Valenciana | 10.759 | 2.202,44 | 11,6 | 11.550 | 2.302,47 | 11,4 |
| Total | 57.651 | 1.279,58 | 6,3 | 59.643 | 1.298,99 | 5,9 |

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre. Inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) a partir de datos do Padron Municipal de Habitantes correspondentes a 1 de xaneiro do ano seguinte
Fonte: Banco de España

3.1.9.

Débeda das empresas públicas de CC.AA. 2006-07 ⁽¹⁾: valores absolutos e ratio débeda / PIB

| | 2006 | | 2007 | |
|--------------------|---------------------------------------|----------------|---------------------------------------|----------------|
| | Débeda acumulada (en millóns de €) | End/PIB (%) | Débeda acumulada (en millóns de €) | End/PIB (%) |
| Andalucía | 120 | 0,1 | 166 | 0,1 |
| Aragón | 88 | 0,3 | 218 | 0,7 |
| Asturias | 94 | 0,4 | 170 | 0,8 |
| Baleares | 92 | 0,4 | 560 | 2,2 |
| Canarias | 204 | 0,5 | 217 | 0,5 |
| Cantabria | 19 | 0,2 | 19 | 0,1 |
| Castela - A Mancha | 670 | 2,0 | 672 | 1,9 |
| Castela e León | 37 | 0,1 | 54 | 0,1 |
| Cataluña | 4.102 | 2,2 | 4.605 | 2,3 |
| Extremadura | 8 | 0,0 | 4 | 0,0 |
| Galicia | 178 | 0,4 | 237 | 0,4 |
| A Rioxa | 28 | 0,4 | 17 | 0,2 |
| Madrid | 956 | 0,6 | 924 | 0,5 |
| Navarra | 144 | 0,9 | 246 | 1,4 |
| País Vasco | 354 | 0,2 | 538 | 0,8 |
| C. Valenciana | 1.696 | 1,8 | 1.764 | 1,7 |
| Total | 8.790 | 0,9 | 10.411 | 1,0 |

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre. As unidades que se recollen aquí como Empresas Públicas son os principais organismos non administrativos, entes e empresas non clasificadas como Comunidades Autónomas.

Fonte: Banco de España

3.1.10.

No que atinxe ás **transferencias de capital**, as actuacións previstas máis relevantes en canto á súa contía son as de apoio á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e de acuicultura (127,4 millóns de euros); infraestrutura e xestión de abastecemento e saneamento (121,1 millóns de euros); apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial (98,8 millóns de euros); modernización e diversificación do tecido produtivo rural (90,4 millóns); e as correspondentes ás medidas de regulación das producións agrarias (55,8 millóns de euros). En conxunto, estas funcións representan máis dun terzo das transferencias de capital.

No caso das **transferencias correntes** hai que destacar as correspondentes á atención primaria da saúde (811,6 millóns de euros); ás transferencias a corporacións locais por participación nos ingresos do Estado (779,0 millóns de euros); ás ensinanzas universitarias (310,6 millóns de euros); ás transferencias para educación infantil, primaria e ESO (206,9 millóns de euros) e á atención especializada (146,7 millóns de euros). Estas cinco actuacións significan o 77,8% das transferencias correntes.

O orzamento das sociedades públicas: entes públicos e sociedades mercantís

O orzamento de explotación das **sociedades mercantís** increméntase nun 6%, pasando de 413,4 a 438,1 millóns de euros no exercicio de 2007. Por contra, o orzamento de capital das ditas sociedades se reduce un 3,1%, acadando os 335,2 millóns de euros fronte aos 345,9 millóns no ano anterior. No caso dos **entes públicos**, o seu orzamento de explotación incrementouse un 7,4%, acadando os 455,3 millóns de euros en 2007, mentres que o de capital o fixo nun 12,2%, situándose nos 236 millóns de euros nese mesmo ano (**cadro 3.1.8**).

A débeda en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano), segundo o avance do Banco de España, ascendeu ata os 3.712 millóns de euros, o que representa o 6,2% da débeda total española. Comparado co resto das Comunidades autónomas, Galicia é unha das que rexistra un maior incremento da súa débeda en relación ao mesmo período do ano anterior, tan só superada por Castela-A Mancha, cun 18,5%, e igualada con Baleares e Cantabria, cun 9%. No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 3,5%.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.**
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Presupostos consolidados das Entidades locais en Galicia e España 2006: Gastos

| | Galicia | España | G/E |
|---|--------------------|---------------------|------------|
| | (en miles de €) | | (%) |
| Municipios (1) | 2.022.658,9 | 48.311.780,5 | 4,2 |
| Maiores 20.000 hab. | 1.024.233,9 | 32.496.131,7 | 3,2 |
| Menores 20.000 hab. | 998.425,0 | 15.815.648,8 | 6,3 |
| Corporacións provinciais e insulares (2) | 535.497,3 | 20.009.983,4 | 2,7 |
| Transferencias internas | 83.791,1 | 2.592.607,1 | 3,2 |
| Total entidades locais | 2.474.365,1 | 65.729.156,8 | 3,8 |

(1) Só entidade municipal

(2) Consolidados cos seus Organismos Autónomos

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales

3.1.11.

Gastos municipais en Galicia e España 2006: distribución segundo número de habitantes

| | Habitantes | | | | | Total |
|----------------------------|--------------------|-------------------|--------------------|---------------------|----------------------|---------------|
| | < de 5.000 | de 5.001 a 20.000 | de 20.001 a 50.000 | de 50.001 a 100.000 | de 100.001 a 500.000 | |
| | (en € / habitante) | | | | | |
| A Coruña | 684,10 | 761,19 | 744,71 | 821,12 | 757,03 | 758,98 |
| Lugo | 723,17 | 659,32 | - | 983,68 | - | 770,25 |
| Ourense | 648,79 | 695,56 | - | - | 795,97 | 707,18 |
| Pontevedra | 573,12 | 807,18 | 625,48 | 905,60 | 579,67 | 690,78 |
| Total Galicia | 667,20 | 757,69 | 690,95 | 885,06 | 682,89 | 730,86 |
| Total España | 1.309,76 | 1.158,29 | 1.093,22 | 1.149,20 | 977,12 | 1.124,47 |
| Galicia /España (%) | 50,9 | 65,4 | 63,2 | 77,0 | 69,9 | 65,0 |

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales

3.1.12.

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB descendeu no ano 2007 ata o 6,9% (catro décimas menos que no ano anterior), sendo esta porcentaxe do 5,9% no conxunto do Estado. O endebedamento por habitante medrou ata os 1.333,76 euros, situándose este ano por riba da media estatal, que foi de 1,298,99 euros por persoa.

No ano 2007, o endebedamento das empresas públicas rexistrou en Galicia unha medra do 33,1% respecto ao ano anterior. Se en 2006 a débeda acumulada ascendía a 178 millóns de euros, no último ano esta foi de 237 millóns de euros, o que representa o 0,4% do PIB galego. Segundo os datos do Banco de España, a pesar desta medra Galicia segue por baixo da ratio endebedamento/PIB rexistrada no conxunto do Estado: 1% (**cadro 3.1.10.**).

Orzamento dos entes locais territoriais

Os gastos totais dos entes locais territoriais para o ano 2006 (último ano dispoñible) experimentaron en Galicia unha medra superior ao 26%, acadando os 2.474,4 millóns de euros, o 3,8% dos gastos totais no conxunto do Estado. Tal como se reflicte no **cadro 3.1.11.**, os gastos das entidades municipais ascenderon en Galicia a 2.022,7 millóns de euros (o 4,2% do gasto en España), dos que o 50,6% (1.024,2 millóns de euros) corresponden aos concellos con máis de 20.000 habitantes e o 49,4% restante (998,4 millóns de euros) aos concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes. No conxunto do Estado estas porcentaxes son do 67,3% e 32,7%, respectivamente.

Os gastos das corporacións provinciais ascenderon a 535,5 millóns de euros, o que representa o 2,7% destes gastos en España.

Recadación tributaria aplicada en Galicia e España 2006-07

| | 2006 | | 2007 | | 07/06 | |
|---|-------------------|------------------|----------------|------------------|-------------|-------------|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | (en millóns de €) | | | | (%) | |
| Capítulo I - Impostos directos | 3.770,0 | 101.595,5 | 4.450,5 | 119.979,0 | 18,1 | 18,1 |
| Imposto s/ a renda das persoas físicas | 2.281,5 | 62.813,1 | 2.661,1 | 72.614,3 | 16,6 | 15,6 |
| Impostos sobre sociedades | 1.445,9 | 37.207,6 | 1.731,3 | 44.823,2 | 19,7 | 20,5 |
| Imposto sobre a renda de non residentes | 40,4 | 1.498,0 | 54,4 | 2.427,3 | 34,8 | 62,0 |
| Imposto sobre o patrimonio | 1,0 | 40,9 | 1,0 | 47,2 | -1,0 | 15,4 |
| Resto Capítulo I | 1,2 | 36,0 | 2,6 | 67,1 | 120,3 | 86,5 |
| Capítulo II - Impostos indirectos | 1.910,5 | 76.261,5 | 2.062,7 | 78.871,0 | 8,0 | 3,4 |
| Imposto sobre o valor engadido | 1.761,0 | 54.651,8 | 1.910,8 | 55.850,7 | 8,5 | 2,2 |
| Impostos especiais | 51,4 | 18.602,3 | 51,1 | 19.786,4 | -0,7 | 6,4 |
| Imposto s/ primas de seguros | 1,4 | 1.387,1 | 1,6 | 1.491,3 | 11,9 | 7,5 |
| Tráfico exterior | 96,7 | 1.595,4 | 99,2 | 1.720,4 | 2,6 | 7,8 |
| Resto Capítulo II | 0,0 | 17,0 | 0,0 | 14,2 | 302,0 | -16,6 |
| Capítulo III - Taxas e outros ingresos | 33,6 | 1.522,6 | 36,9 | 1.835,6 | 9,9 | 20,6 |
| Taxas de xogo | 0,0 | - | 0,2 | - | 493,5 | |
| Outras taxas | 1,9 | 523,0 | 2,6 | 621,8 | 40,4 | 18,9 |
| Recargo de apremio e outros | 13,8 | 291,2 | 14,9 | 309,7 | 7,9 | 6,4 |
| Xuros de demora | 7,0 | 160,1 | 7,0 | 169,1 | 0,1 | 5,6 |
| Sancións tributarias | 10,9 | 197,2 | 12,2 | 210,4 | 12,1 | 6,7 |
| Total | 5.714,1 | 179.379,6 | 6.550,1 | 200.685,6 | 14,6 | 11,9 |

Fonte: Agencia Tributaria

3.1.13.

Como se reflicte no **cadro 3.1.12.**, no ano 2006 o gasto municipal por habitante en Galicia foi de 730,86 euros (1.124,47 euros por habitante no conxunto do Estado). Mentres que este gasto municipal galego representa o 65% do gasto en España, o investimento público real per cápita dos concellos (presupostos iniciais) representa o 60,8% do investimento no conxunto do Estado (194,94 euros por habitante en Galicia fronte aos 320,78 euros por habitante de media en España).

Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación líquida total en Galicia medrou no último ano un 14,6% respect á de 2006, acadando os 6.550,1 millóns de euros, sendo o seu peso relativo no total estatal do 3,3%.

En termos absolutos, o **cadro 3.1.13.** indica que a recadación do IRPF acadou os 2.661,1 millóns de euros, fronte aos 1.910,8 millóns de euros do IVE ou os 1.731,3 millóns no caso do imposto de sociedades. Comparado co ano anterior, cómpre salientar o crecemento da recadación experimentada polo IRPF, con 379,6 millóns de euros máis (16,6% máis que en 2006), polo imposto de sociedades, con 285,4 millóns de euros máis (19,7%) e mailo IVE, con 149,9 millóns de euros máis (8,5%). Asemade, volve a descender, aínda que moi lixeiramente, a contía recadada polos impostos especiais, cunha caída de 0,4 millóns de euros (0,7%).

Atendendo á recadación das distintas delegacións da Axencia Tributaria en Galicia, A Coruña é a que presenta a maior recadación, con 3.740,0 millóns de euros, 440,6 máis que no ano precedente (13,4%). Pontevedra foi a única delegación que experimentou unha redución na súa recadación, cun 4,3% menos que no ano anterior. As outras catro delegacións presentan unha medra da súa recadación tributaria, salientando a de Vigo, cun incremento superior ao 30%. ■

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.**
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.